Dominco, 28 de disiembre do 2003 | Palmeira

# La Vos de Jalisia

NÚMARO 52.562 | ANO MMCCXI | PRESIO 0 € | www.lavosdejalisia.es

**PALMEIRA: A afrenta da retirada da sirenita da vía rápida é imperdonable. A nosa resposta é contundente.**

### A declarasión de independensia foi presentada onte na ONU

# Palmeira constituese coma estado independiente

*Unha das vellas aspiracións dos veciños vese cumplida e comenzará a exercer coma estado dende o día de hoxe.*



**O sector turístico, e as divísas de Newark financiarán de sobra o estado**

As numerosas visitas que recibe cada verán o monumento ó emijrante permiten ser optimistas nas previsións ó Ministerio de Economía, xa que o consumo medio de cañas, viño tinto, e cafés descafeinado nos bares do porto verase incrementado, e ahora ó non ter que pajar impuestos a España nin á Unión Europea, as consumisións abarataranse sustansialmente. E falando de "sustansia", tamén se pretende aumenta-lo sabor do marisco de Insuela e arredores cun extremo control das ajuas residuais que aljúns vesiños viñan vertendo nesta sona da ría. "Ollo ó piollo" declarou o Ministro de Pesca.

**Demografía**

*A poblasión empadroada en Palmeira descendeu no último ano. Pero aumentou a de Newark.*

**Terrorismo**

*Os baixos índices de terrorismo fan de Palmeira un dos estados mais seguros do mundo.*

**Relixión**

*Existe libertad de relixión para tódolos habitantes, pero é obligatorio ir a misa os domingos e festas de gardar.*

**Arqueoloxía**

*Os arqueólogos investigan os orixes da humanidade no entorno da praia da raspa. Aljunha pintura das fachadas ten mais anos que as da cova de Altamira.*

**Marte quédanos cerca**

## A investijasión aerospacial será outra fonte de injresos

Dende a plataforma de lansamento Illa Tixosa, ó ano que ven para selebra-lo primeiro ano da independensia enviaremo-lo primeiro viaxe tripulado a Saturno. Ca tecnoloxía facilitada polo palmeirenses empadroados en Newark entraremos na carreira espasial pola porta grande deixando atrás a potensias coma U.S.A., Rusia, ou Europa. No vindeiro més lansaranse varios satélites espía, de telecomunicasións, e o do canal plus para velo descodificado.

**No seno das Nasións Unidas**

## Asinaremo-lo tratado de non proliferación de armas nucleares

Unha das primeiras inisiativas do primer goberno será a firma do tratado de non proliferasión de armas nucleares, xa que a intensión do noso estado é a de ser pacífico e ainda que dispoñemos dun exército constituido por valerosos homes veteranos nas mais famosas jerras do século vinte e vinteun, simplemente é para defendernos, pois sabemos da envidia que lle teñen os de Riveira e La Puebla ó noso monumento ó emijrante, e son capases a vir a por él. E si o da sirenita da vía rápida pillounos desprevenidos, este non o van levar. Contamos co asesoramento de Arafat para orjanisala jerrilla.

# NASIONAL

Dende o joberno presidido polo ex-alcalde de Riveira José Luis Torres, convócase unha manifa.

## Manifestación para selebra-la independensia e constitusión do novo estado palmeirán.

*A orjanisasión asejura un éxito de partisipasión reivindicando o estado palmeirán.*

**Redassión**

Convócase para hoxé ás 17:00 horas unha manifestasión no sentro de Palmeira, mais ou menos á altura da farmasia.

Os orjanisadores pertenesientes ó partido “Palmeira República Independiente” (PRI), queren con este acto amosa-la satisfassión dunha vella aspirasión conquerida. E con esto ratificarse no seu pareser de que Palmeira é aljo mais que unha carreteira.



Así e despois da creasión da vía rápida de Riveira a Padrón parese que se lle sacou aljo de vidiña ó novo estado, pero afirman que a sua economía é suficiente para non ter que depender de Riveira e de La Puebla, xa que en Palmeira hai nejosios moi rentables e importantes, poñendo de exemplo ó club Relax coma unha empresa de xestión ‘con moita transparencia’.

Según as declarasións do portavos do PRI, ‘menos mal que nos recoñeceron coma estado, xa que non queríamos utilizar medidas mais drásticas’.

Para incentiva-la participación na manifa, as señoras que acudan serán recompensadas cun exprimidor para aprender a saca-lo xugo ás cousas, e os señores cun vale de cinco minutos gratis de servicios no Relax -’tempo mais que suficiente’, asegura o portavoz do PRI- para gastar mentras as mulleres non collen práctica co exprimidor. Os orjanisadores están convensidos que a consentrasión será todo un éxito.

Un látijo, e un ‘latijillo’ eran as armas que o exhibisionista empleou para abraiar ás clientes.

## Exhibicionismo en Rio Azor reivindicando a independensia

*Se o exemplo cunde, ata se pode convertir nun atractivo turístico. Todo dependerá da calidade no manexo do latijo.*

**Redassión**

O pasado día vinteseis deste mes, un xoven natural de Palmeira foi detenido por exhibirse desnudo diante dos clientes do conosido Hotel Rio Asor.

O xoven de 25 anos, M.C.J. levaba coma únicas prendas un sombreiro, unhas botas camperas e un látijo.

Cando a polisia o detuvo tiña acorraladas a tres portujesas amenasándoas co seu látijo e a sua “pistolita carjada”, sejún declarasións do xerente do hotel.

O xoven jritaba que si Harrison Ford pudo atopa-lo arca perdida, él podía consejir que Palmeira fose declarada República Independiente, e que o seu látijo non tiña que envidiarlle ó de Indiana Jones, e que en Palmeira hay tanta calidade coma nas películas de Hollywood.

*O detido fixo un alegato pro Palmeira e contra La Puebla*




O xerente do hotel avisou á polisia cando o rapas amensaba co látijo ás portujesas.

No momento de ser redusido por dous axentes, o detenido jritaba que estaba farto de que a amada terra de Palmeira que o veu nacer estuvera á sombra de La Puebla, alejando que en Palmeira tiñan tantas ‘pelotas’ coma en La Puebla e alí estaba él para enseñalas, por eso meresían ser independientes.

Finalmente o exhibisionista foi para a comisaría e parese ser que todo quedou nun simple acto de un xoven un pouco desequilibrado.

Fontes do PRI (Palmeira República Independiente) comentaron a esta redassión que non tiñan nada que ver co numerito montado por este rapas para pedi-la independensia e que eles sempre abojaron pola via da nejosiasión.

La Vos de Jalisia


# A secesión de Palmeira do Estado Español, ven de lonxe.

**Redassión USA (AFP)**

Fai casi cen anos, no Estado de New Jersey, en Estados Unidos, concretamente no County de Carteret, unha ducia de cidadans palemirenses residentes nos Estados Unidos, que tiñan como denominador común, non soio o seu lugar de nascimento –Palmeira, sinon tamen a filiación a unha loxia masónica; fundan o que mais tarde serían os alicerces do Novo Estado. República de Palmeira. A sociedade pasaríase a chamar SOCIEDAD HIJOS DE PALMEIRA.

Foron anos moi duros e intensos, tiveron que tragar moita saliva, comprar moitas bandeiras españolas, e nos últimos anos galegas, tiveron que recibir continuamente a visita dos gobernantes españoles, galegos e riveirenses, e gardar o segredo de pais a fillos sobor do verdadeiro obxetivo a conquerir: O autogoberno, a Independencia.

Nos anos do rexime franquista, a Sociedade, en plan Zelig, misturose con rexime, para pasar totalmente desapercibida, e incluso parecia unha Sociedade falanxista, pero todo estaba moi lonxe da realidade, en Nuarka (nome que actualmente recibe Newark, por certo, empréstito lingüístico donado pola familia palmeirana ao Estado Xardin de New Jersey), os cidadans palmeirenses, sobre todo os mais velhos deixaban translucir un mal fario para o futuro da sua vila. Moitos deles morrerian sin ver nacer o novo Estado.

Pero no ano 1989 tra-la caida do muro de Berlin, e polo efecto dominó dos paises satéites rusos e tra-la desmembración da antiga Yugoslavia, as esperanzas foron máximas.

Celebrouse na Casa Vasca (Elm Street-Nuarka) unha reunión de urxencia entre a “loja yirga” do futuro Estado Palmeiran. Era o día do nacimento da República Eslovaca, unida dende o final da Primeira Guerra Mundial a República checa. Ese día decideuse poñer unha data para o final da relación Palmeira-España. Sería a finales de 2003, nin un mes mais.

Xa teñen bandeira, himno, e frase: PALMEIRA, BLOOD AND SAND.

Dende a AFP-USA soio nos queda brindar polo futuro deste novo estado, brindar polo nacimento dun novo pais, dunha nova esperanza.

# O goberno local de Riveira recurrirá ante o Tribunal de Estrasburgo a constitución do Estado de Palmeira.

## *Existen indicios de ir contra a declaración internacional de dereitos humanos*

**Redassión (Riveira)**

El Gobierno Local ha decidido recurrir ante el Tribunal de Estrasburgo el proyecto de Constitución que la República Independente de Palmeira dio a conocer el pasado día 20 de manos de su ponente “Manoliño Betansos”.

El documento; presentado en sociedad en la Casa del Mar de Palmeira, contiene, a juicio de la corporación municipal, gravísimas discriminaciones hacia la condición femenina, por lo que ha decidido plantear el pertinente recurrso. De la elaboración y argumentación jurídica del mismo se encargará la concejala de Parques y Jardines, la Sra. Virucha, en cuanto termine de supervisar el montaje del Belén.



Según hemos podido saber; los preceptos que han levantado las iras de la corporación municipal han sido los número 17 y 25 del texto articulado, los cuales transcribimos a continuación según el tenor literal del texto que nos ha facilitado el Jefe de Prensa de la República Independente de Palmeira “Monchiño Sirena”:

art. 17: “ *La verdadera misión de la mujer es dar hijos a la Patria. Y ésta es, por tanto, su suprema aspiración. y dentro de nuestra República seguirá siendo más que nunca su misión ser la continuadora de la raza, de los caminos que abrieron aquellas mujeres que se llamaron Isabel de Castilla y Teresa de Jesús, en cuyas vidas encontramos tanto a mor a Dios y a la Patria”*.

Espiritual y material, su colaboración será siempre leal y desinteresada, de acuerdo con sus aptitudes y teniendo la certeza de que saben lo que vale el haber encontrado la vocación de servir.”

art. 25: “ *Se declara Parque Natural de Ämbito Nacional la zona comprendida entre la “Playa de la Corna”, “Muebles Vizcaya” y “Restaurante La Sidrería”; en la que se ubica el Club Relax debido al a gran riqueza de la zona en fauna nocturna. Queda terminantemente prohibido sacar del ámbito protegido cualquier especie autóctona de la zona”*.

Según hemos podido saber, el recurso elaborado por la Sra. Virucha , se fundamentará básicamente en la dificultad de deshacerse de las ladillas autóctonas para salir de la zona protegida; lo cual produce, a su juicio, una clara violación del principio de justicia social y que se amplie el Parque Natural a la Illa dos Ratos ya que la importante fauna ratícola que allí habita merece una especial protección.

ECONOMÍA

# Palmeira alberjará o ITER.

## *O reactor termonuclear ubicarase nunha leira de millo.*

*Os xaponeses e os franseses abraiados cas técnicas de nejosiasión da ministra Kandy. A praia da Corna convertirase nun sentro turístico de primer nivel, xa que de paso que ves a comer á praia visitas o ITER dixo a ministra de medioambiente Carmelita da Xunqueira.*

**Redassión**

O proxecto ITER - Reactor Termonuclear Experimental Internasional- quedará finalmente emplasado en Palmeira. A "SOSIEDÁ HIJOS DE PALMEIRA" sederá os terrenos donde se ubicará o ambisioso proxecto sientífico.

Despois de que a Unión Europea desestimase a candidatura de Vandellós (España) en favor de Cadarache (no sudeste de Fransia), ésta última reconosía o pasado 15 de desembro tra-la reunión entre o ministro fransés de siensia e tenolojía Roger Gérard Schwarzenberg e a titular da carteira homóloja en Palmeira, a dominicana con pasaporte palmeirán Kandy Yeims Vargas; que Palmeira reúne as condisións idóneas para se-lo emplazamento máis axeitado donde ubicar este importantísimo proxecto sientífico-tecnolóxico.

A representante palmeirana cun perfecto "fransés" acabou convensendo ao ministro R.G. Schwarzenberg das ventaxas que aporta Palmeira frente á proposta de Cadarache. O diplomático fransés elojiou a profunda e fina "retórica" da dominicana.

Unha ves convensido o jabacho, a ministra Kandy enviou á reunión celebrada en Reston (Virginia, EEUU) a unha diplomática afro-palmeirana de nombre Jeannette empadronada na fronteira este limítrofe ca católica Pobra, para continuar as nejosiasións co resto de países implicados no proxecto. Nos primeiros momentos a candidatura de Rokkasho-Mura, na prefectura de Aomori (Japón, norte), cobrou forza e paresía superar a Palmeira en intensión de voto. Pero a diplomática Jeannette Lalas nunha reunión



Reconstrussión jráfica do futuro que lle espera á praia da Corna

privada co valedor xaponés Masayuki Kitano, conseguiu que o representante nipón fálase pestes de Rokkasho-Mura e que incluso lle puxese un piso á de Palmeira en pleno sentro de Osaka.

Masayuki manifestou tralo encontro ca mulatona palmeirana : "anata wa watashi no jinsei de deatta naka de dareyori mo suteki na josei desu", que tradusido ao cristiano ven a disir aljo así como: "Na miña vida tal vin".

Faserse co apoio do resto de países foi coser e cantar sejún a Srta Lalas; bueno non exactamente, pero como esta publicasión pode caer en mans de rapases, dijamos que Jeannette casouse co sr Masayuki e viviron felises nun bonito castillo rodeado de campos de flores e paxariños, ao lado do ITER de Palmeira.

*Nin Vandellós, nin Cadarache. Palmeira será a sede definitiva do ITER. As xestións da diplomasia palmeirana remataron inclinando a balansa á proposta deste estado independiente.*

# A pesca o motor da economía local

## *O aumento da captura de navalla permitirá o despegue económico*

**Redassión**

*"Á hora de falar da economía local non nos queda, de momento, mais que confiar no sector pesquero, tan arraigado nas nosas xentes e que tan ben conosen o calamar, lura, chopo, solla, e lingueirón".*

Con estas palabras o novo presidente da República Independiente de Palmeira, D. José Luis Torres, pensa sacar adiante os injresos que as familias nesesitan para vivir e comer cada día.

Sejún Torres *"ca flota de dornas que posee Palmeira e a media dusia de planeadoras serán o asote dos peixes, e si a actividade económica prinsipal vai se-la pesca, será mellor que se pense en amplia-lo porto ata -coma mínimo- a Tixosa".*

Horas despois estas afirmasións eran desmentidas polo Ministro de Investijasión Aeroespasial, xa que a Tixosa empregarase coma plataforma de lansamento das naves espasiais da APE (Axensia Palmeirense do Espasio) que ten projramados varios viaxes tripulados ós distintos planetas do sistema solar.

Deste xeito a ampliasión do porto antóxasenos nesesaria fasela hasia o Baluarte, e abrirase un paso dinamitando uns cantos petóns para fasilita-la entrada dos petroleros que abasteserán á futura refinería que podría situarse na actual explanada de varada de embarcasións, ainda que *"os jases podenlle amarja-lo café ós clientes dos bares do porto"*, asejurou Tucho propietario dun popular nejosio de hostelería.

# POLÍTICA

### Tras abandona-lo carjo de Alcalde de Riveira e a Diputasión da Coruña

## Torres "O Conquistador", primer presidente

**Redassión**

Así califican os veciños ó home que facilitou a independensia tan añorada para Palmeira. Despois de anos de ejerser coma alcalde de Riveira, desligouse totalmente deste concello para pasar a ocupa-lo cajo de Presidente da República Independiente de Palmeira, e que como él dixo "non é o mesmo ser alcalde que ser presidente", e mentras que un alcalde aspira como moito a entrevistarse co presidente da Xunta, ahora coma presidente dun estado reconosido polas Nasións Unidas, de Asnar para abaixo non falará con ninguén, eso deixallo para os subdelejados do jobierno.

O que lle aconteceu a Torres despois dunha caida do cabalo -e non dunha burra coma se dixo nun primer momento- e que "vin a luz" un fenómeno xa experimentado por outros jrandes homes da historia coma San Pablo, que lojo de andar polo mundo liquidando cristianos, tras caer do cabalo dedicouse a axuda-los.

Vemos que o cabalo xoja un papel importante nas decisións dos jrandes homes da historia, e ajora a prejunta que corre polas ruas de Palmeira é "¿porque non se subeu antes a un cabalo?".

A resposta fasilitada polo propio Torres é evidente "tiña medo a caer", coma así lle susedeu; pero o afortunado do jolpe permite ahora a tódolos vesiños de Palmeira disfrutar dun estado propio.

Ós vesiños xa lles da por chamarlle Torres "O Conquistador" coma os jrandes reis, xa que a aspirasión máxima que sempre tiveron os palmeiráns era a de acadar un concello propio, e de repente atópanse cun estado en toda rejla. "E que este home sabe moito" afirman os mais vellos do lujar, que din que xa de pequeno amosou dotes de liderasjo entre os demais nenos e sempre o primeiro en subir ó Baluarte na carreira que se selebraba tódolos anos dende a praia da Raspa e que tiña coma meta o petón do que finalmente José Luis remataba caendo "e que tiña moito verdín e patinábase moito" lembra o ex-alcalde de Riveira.

O resientemente creado jabinete da presidensia, está estudiando o arbol xeneolóxico de José Luis para ver si está entroncado con aljunha casa real europea, e así poder plantear ó parlamento o seu nomeamento coma rei de Palmeira, e propoñe-lo carjo coma hereditario, encarnando así unha nova saga dinástica que vería a enriquese-las monarquias europeas.

O secretario do jabinete, que se está encarjando persoalmente das pesquisas, afirmou á redassión deste xornal que buscarán si fai falta ata a época de David (o que mallou en Joliat) para ver si realmente é descendiente de reis.

Tamén se está elaborando un mapa genético de José Luis por si fora nesesario clonalo en caso de ocurrirlle unha desjrasia e non pudera concluir a creasión do estado palmeiran.

Por si acaso, os vesiños de Palmeira non o deixan subir ó cabalo, non vaia ser que caia e apájeselle a lus que o iluminou na primeira caida.

## José Vicente Dominguez continuará na oposición

*Pero no parlamento de Palmeira, xa que aspira a sustituir a Torres "donde faja falta"*

O actual lider dos sosialistas en Riveira, abandonará o seu carjo e funsións para dedicarse de pleno a se-lo lider da oposisión no parlamento palmeirán.

Afirma que "Torres fasíao mal en Riveira, fasíao mal na diputasión, e nada nos fai supoñer que o vai faser mellor coma presidente de Palmeira".

No seu proxecto de futuro para Palmeira propón o desenrolo dun parque empresarial importante, para que tódolos propietarios das dornas e os das planeadoras se convirtan en exportadores de peixe e que se contraten inmigrantes de La Puebla para ir a pescar "porque os nosos homes non teñen que andar mollados" xa que así collen mais jripes e produsen menos e danlle mais jasto á Sejuridá Sosial de Palmeira que de momento non se pode permitir manter a tódolos enfermos, e a Sejuridá Sosial Española sí.

José Vicente non perdeu oportunidade de prejuntarlle ó recien elexido presidente Torres si tiña pensado meternos na jerra de Irak ó que este lle respondeu que "nesa non, que xa está rematada, pero na próxima xa veremos" indicándolle así que todo dependerá das relasións diplomáticas internasionales e das contrapartidas que estas fasiliten para o cresimiento de Palmeira.

## Manolo Ruiz alcalde de Riveira

*"Non pode ser serto, tantos anos de sejundo e ahora de repente esto" afirmou mentres choraba.*

Non terminaba de creelo, de repente e da noite para a mañá, deitouse coma teniente-alcalde e levántase coma alcalde.

Manolo Ruiz era un home que non collía en sí cando oeu a notisia, comentoulle a este periodico que "tiñao tan asumido, que non termino de despertar". E que paresía que lle tocara a lotería.

A corporasión munisipal de Riveira queda aljo tocada despois do abandono de José Luis Torres coma alcalde e José Vicente Dominguez coma lider do pesoe, namentres que Rosa García e Dominga Brión, comensaban a afilar as uñas para incarllas a Manolo Ruiz. "Hai que aproveitar ahora que está desprevenido" comentaba Dominga Brión a un compañeiro periodista, ó que Manolo Ruiz respostou que "estou esperando para merendalas coma un bocadillo de chandarme".

Rosa García dixo que se ve coma alcaldesa nas próximas elessións munisipales xa que a sua proposta de pintar de rosa a fachada do concello vai calar fondo na sociedade riveirense.

Dominga Brión rebateu a esta dicindo que era "unha cursilada" que todo o mundo sabe que á fachada do concello quédalle mellor o color que ela propón: o fucsia.

Manolo Ruiz sije apostando polo color salmón actual.

CULTURA

# A raspa no orixe da humanidade

*Os arqueólogos investigan os orixes da humanidade no entorno da praia da raspa.*

*Aljunha pintura das fachadas ten mais anos que as da cova de Altamira.*

**Redassión**

O entorno da praia da Raspa, está que ferve de arqueolojos, despois de que un can desenterrase un oso a semana pasada.

Inmediatamente dende a presidensia do jobierno solisitouse a colaborasión das nasións unidas ante o que paresía un descubrimento arqueolóxico de incalculable valor, xa que os axentes do CSI-Palmeira desplazados ó lujar así o recoñeceron.

A frustrasión dos arqueolojos foi supina o descubrir que non e que houbera un oso, e que os había a miles, pero todos eran de vaca, porco e carneiro e non levaban mais de un par de anos alí enterrados.

Ó pareser aljúns vesiños tiñan por costumbre enterra-los osos das chuletas de ternera, o oso da caña, e os restos das cabuxas, xa que a creensia popular da zona asejura que todo o que se tira na raspa medra.



Sin embarjo a visita do equipo arqueolóxico non foi en balde xa que ó ve-la man de pintura das fachadas daljunhas casas concluiron que tiñan mais antijuedade que as de Altamira, que xa e desir.

Tamén quedaron impresionados polas construssións arquitectónicas da zona, donde se aproveita ó máximo o espacio, e nas que só a sabiduría popular pudo adaptar tan ben o terreno para vivir.

Arquitectos que están participando no proxecto de reconstrucción das torres xemelas de New York vanse desplazar nos próximos días ó estado de Palmeira para apresia-las técnicas de construssión milenarias que se desarrollan no entorno da Raspa.

O portavos do joberno dou claras instrussións ós vesiños de non fasilitar estos coñesementos de alta tecnoloxía a non ser que "poñan o carto enriba da mesa" para empesar a falar.

## Palmeira xa ten himno

**Redassión**

Xa o tiña coma parroquia pertencente ó concello de Riveira, pero ahora nesesitba dun himno propio dun estado.

O jobierno desideu sacar a concurso público a creasión dun novo himno cousa que indignou moito a Paisal, xa que el contaba con faselo sin nesesidade de ir a concurso. Por eso, non se presentou.

Empregrando coma base a anterior oda a Palmeira a redacción da nova letra para o himno queda coma sigue:

*Palmeira, sangre y arena*
*tierra del copón*
*e ronsamo-la ijlesia*
*cun par de collóns*
*de la playa de la Corna*
*hasta Riazor*
*Ventín es un fortín*
*Torres gran conquistador*
*Palmeira, sangre y arena*
*pueblo vencedor*
*en las largas conquistas*
*de aquí a Nueva York*
*Palmeira, sangre y arena*
*en nuestro corazón*
*Palmeira, sangre y arena*
*Pum Chim Pon.*

Cunha letra versatil que fai referencia a todo o vivido por Palmeira nos últimos tempos, sin lujar a dudas unha das cousas que fixo que o jobierno se inclinase por esta letra é o párrafo de "*Torres gran conquistador*", xa que é o artífice do que hoxe é Palmeira.

Pero sin lujar a dudas o que definitivamente lle fixo janar o concurso a esta letra é o último verso, cheo de creatividade, expresión e ritmo, que era o que se buscaba.

## Jesús naseu en Moldes

**Redassión**

O equipo de arqueolojos desplasados á praia da Raspa, e ante as enormes posibilidades arqueolóxicas e antropolóxicas que ofrece Palmeira, e tras facer un estudio minucioso do entorno do novo estado, concluiron que Jesus de Nazaret, naceu en Moldes.

Polo tanto hai que reeescribi-la historia e en consecuensia a Biblia, xa que atoparonse probas irrefutables de que hai uns dous mil anos, un carpinteiro e unha muller pasaron por preto da pedra das cabras, camiño a Moldes e cando iban a chejar a muller sinteuse con dolores e trouxo ó mundo un neno.

Ese neno dedicaríase a viaxar e non coma carpinteiro senon coma representante de madeiras nobles jallejas, por eso chejou ata Xudea, donde para que o recibisen con mellores modos -pois xa daquela andaban ós moquetes- fíxose pasar por un deles disindolle que era de Nazaret, e así ter mais posibilidades á hora de faser nejosios.

Non se sabe en que momento exacto este rapás caeu do cabalo e pasoulle coma San Pablo e ó noso presidente, o caso e que empesou a faser as de Dios por aquelas terras, e non lle sentou moi ben ós que nese momento mandaban por alí, así que remataron con él espichándoo nunha crus.

Esto ven a confirmar que todo aquel que sae de Palmeira mellor que volva pronto para aquí xa que por ahí adiante non entenden a nosa forma de ser.

# TELEVISIÓN

## Primeira Cadena

**00:03 Estreno Cartelera.**
**"El Señor de los Arillos"**
Película produsida e dirixida en Palmeira polo director janador de varios Oscar e de reputasión contrastada.

**04:00 Teletienda.**
Projrama dirixido a todos aqueles compradores compulsivos que a estas horas están mirando a tele buscando no que jastar os cartos, porque os sentros comersiales están pechados.

**08:00 Informativo Mañá.**
Donde as novas produsidas durante a noite no noso pais serán redactadas por unha presentadora que aspira a casarse con aljún prinsipe.

**09:00 Debate.**
Xa lle justaría ter que debatirse a mais de un pero non atopamos ninguén que lle leve a contraria.

**11:00 Dia por Día.**
**Día ó cuadrado.**
Presentado pola popular presentadora Maruja Campos. Un projrama feito por Maruja para tódalas Marujas que a esas horas non teñan nada mellor que faser que ve-la tele.

**15:00 Informativo Mediodia.**
Presentado por Pepiño Urdacín.
No que se informará objetivamente sobre as estupendas labores do jobierno, dos casos de corrupsión da oposisión, e de como nas jerras non morre ninguén, só os que se poñen diante dunha bala que ninguén disparou. Ca verdade por diante Urdacín tentará facer do informativo un programa ameno, e si fai falta poñerse falda tamén se pon. Pero eso sí, sempre informando objetivamente, disindo a verdá, e nada de nada de mentiras.

**16:30 Sabor de tí.**
Outro projrama para mulleres presentado por mulleres e aljún home que mais lle valdría meterse a muller. Ama Rosa a conductora deste projrama tentará que non lle entren ataques de risa ó ver como o seu compañeiro fai monadas. No projrama de hoxe Ama Rosa presentará o seu novo libro, primicia mundial e única, que romperá moldes na literatura actual e que se titula "El Quijote" (o outro que leechedes é un plágio do meu).

**18:00 Sine de Barrio.**
**"Para ser felis quiero un camión"**
Presentado por Pepe Manolo Parada, ainda que os amijos deixanos que lle chamemos Pepemanué.
Hoxe compartirá merenda con Loquillo mentres cantan ó lado do jicho do piano a popular cansión ó remata-la peli.

**21:00 Informativo Noite.**
Presentado por outro que no é Urdacín, pero as novas como xa as deixou escritas do mediodia, é coma si o fixera él.

**23:00 Crónicas Murcianas.**
Donde Javierito Serda, junto con Boriz Isanjirre, e outros mais, tentarán montar un pirulo no que non se entende nada porque todos jritan moito mentres o director e suposto presentador do projrama dedícase a chupar cámara (para eso é o presentador) movendo os labios, as mans, e si non lle fan caso, ata levantándose da silla para saltar dun lado para outro. Si cadra acaba aljén en pelotas ou larjándose un peido.

**00:00 Cine X.**
Sin comentarios. O espasio de mais audisensia.

## E-La 2

**00:30 Documental.**
Las ballenas del Ártico.

**04:08 Documental.**
Las ballenas del Antártico.

**06:50 Documental.**
Las ballenas del Atlántico.

**08:20 Documental.**
Las ballenas del Pacífico.

**10:40 Documental.**
Las ballenas del Índico.

**12:00 Documental.**
Las ballenas del Mediterraneo.

**16:20 Documental.**
Las ballenas del Mar Rojo

**18:14 Documental.**
Las ballenas del sosten

**20:30 Documental.**
Las ballenas del gimnasio

**22:00 Documental.**
Las ballenas y los ballenatos

**23:55 Documental.**
Las ballenas van llenas.

## SUBE

Os informativos presentados polo presentador imparsial Urdasín. Un cronista da realidade que non altera os contidos nen as imaxes e que nos amosa o día a día da vida cotidiana dos Palmeirenses.

## BAIXA

O Cine X xa non é o que era, porque o poñen tarde e a xente cánsase de esperar e sale a tomar unhas copas e remata nalgún clube de alterne próximo a Palmeira. É mellor que o poñan mais cedo.

## Breves:

- Chica de Palmeira busca señor muy mayor con mucho dinero para vida conyugal. Imprescindible marcapasos. Interesados llamar al: 6578432156

- Se regala "vaca" en buen estado. Sabe cocinar, planchar y aunque no habla mucho es muy sumisa en el terreno sexual. Atiende al nombre de "Maruxa". ¡¡Suerte a quien la lleve!!. Interesador llamar al: 9852346547

- Se necesita dependienta para telefonía móvil. Requisitos: preescolar y breves nociones de educación. No es necesario conocimientos de telefonía porque hoy todo dios sabe manejar el móvil. Llamar al: 6546543211

*O rei do pop despois de visitar a un ciruxano estético afincado en Palmeira transforma a sua cara*

# Mijel Jackson está moito mellor así

O autodenominado rei do pop, descontento cas innumerables operasións de ciruxía estética ás que foi sometido ó larjo da sua vida, visitou a un coñecido ciruxano de Palmeira doutorado pola universidade de Stomkebowen e que lle reconstrueu a cara por completo facendo del un home novo.



Os resultados pódense apreciar nas imaxes que ilustran este artigo, e donde o artista parece un tipo normal despois da operasión.

O ciruxano acostumbrado a traballar nos texidos, nos osos, e nos músculos consigueu un cambio mais que apreciable no artista de fama mundial.



Este chegou ata o ciruxano aconsellado por un amigo de Newark que o conoceu nunha das suas visitas veraniegas a Palmeira.

Pero como a sociedade do novo estado e a dos estados veciños de España e Portugal non está pola labor da ciruxía estética actualmente o doutor rexenta unha céntrica carnicería na que practica o corte cos puchos e cos porcos, perfeccionando así a sua técnica.

## A grandes males....

Así deberon pensar os gobernantes deste municipo chicharrero en Tenerife donde ante as incontinensias fecales dos turistas non se lles ocurreu mellor solusión que advertilos do que se pode ou non se pode faser.

Por si acaso non queda claro fanno en varios idiomas para que ninjen aleje despiste ou descoñesemento.

Deste xeito e en lujar de instalar uns servisios montanse un letreiriño que lles sae mais barato e parese mais eficas.

Esta medida estanna estudiando entre outros o Ministerio de Medio Ambiente de Palmeira para ubicar o mesmo medio disuasorio no entorno da virxen de Moldes xa que moitos aproveitan a soledade e o paseo polo campo para alixeirar peso e facer mais doado o viaxe de volta.

As autoridades consideran que un cartel tan contundente amilanará ós posibles infractores e conxestionaralle o recto retrotraendo os músculos para impedir a salida dos residuos alimentisios.

Por outro lado a consejala de medioambiente de Riveira, la Sra. Virucha está estudiando a posibilidade de dispoñer carteis similares en tódolos parques e xardíns da localidade de pois según as suas palabras “por prevenir que no sea”, ante o temor que a moda de ir soltando o que sobra por ahí adiante cheje a Riveira.




De tódolos xeitos esta decisión queda aplasata ata que a consejala en cuestión remate de decora-lo belén da plasa do concello.

## La Puebla tamén

Sabemos de fontes moi fiables que o concello de La Puebla está estudiando a posiblidade de convertirse tamén en estado independente porque así podería ter relasións intitusionais co estado de Palmeira, mentres que deste xeito os xefes de goberno só falan entre eles deixando a un lado ós alcaldes.

Ademais ca inisiativa de Palmeira de cobrar peaxe na via rápida ó seu paso polo estado están recaudando unha boa xarda, e os de La Puebla non están dispostos a renunsiar a semellante pastel.

O que non contan os de La Puebla e ca capasidade de nejosiasión dos palmeiráns.

Polo pronto o alcalde de La Puebla anda en cabalo, por sicae e ve a lus.

# LOTERÍAS

Números premiados nos sorteos das loterías.

**O.N.S.P. (Orjanisasión Nasional de Sejos de Palmeira):**

00.453

**Combinasión Janadora no Sorteo da Primitiva:**

46-2-15-36-8-12-49-5-23-17-33-24-10

Como non hai asertantes de 13 o bote queda para a semana que ven.

**AVISO LEJÁL:**
Tódalas imaxes e contidos que aquí aparesen son de quen as queira, sempre que dijades de donde as sacáchedes.
As opinións aquí vertidas polos nosos colaboradores entenderanse coma o que son, unha pequena broma que queremos compartir con todos vos facéndovos pasar un cachiño do voso tempo larjando unhas risas pola borda.
Por certo, esto que tes nas tuas máns está editado e distribuido pola ***Real e Ilustre Cofradía da Dorna*** en colaborasión cunhas cabesas pensantes e cun par de peñas de... ¿¿de donde vai ser?? ... de Palmeira.
**FELICES FESTAS E PRÓSPERO ANINOVO**.